

Santiago, 21 de marzo de 2023.

### **PRESENTACIÓN DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA - ADMISIÓN ALUMNADO 2023/24**

Informamos que dada a demanda de solicitudes é preciso baremar nos seguintes cursos:

- 4º Ed. Infantil
- 1º Ed. Primaria
- 2º Ed. Primaria
- 4º Ed. Primaria
- 5º Ed. Primaria
- 6º Ed. Primaria
- 1º ESO
- 3º ESO
- 4º ESO

Ábrese un prazo de **10 días hábiles** contados desde o día seguinte ao do remate do prazo para presentar as solicitudes, para que as persoas interesadas presenten de forma presencial no centro a documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados, para realizar a súa valoración e establecer una orde de prelación.

**Prazo: do 21 de marzo ao 3 de abril** (este último día é S. Santa e o centro estará pechado)

Recordamos a documentación a presentar, segundo o Art. 31 da Orde do 21 de outubro de 2022 pola que se regula o procedemento de admisión:

- Por proximidade do domicilio familiar: Certificado de convivencia dos membros computables da unidade familiar, con un ano de antigüidade.
- Por proximidade do lugar de traballo:
  - Por conta allea: contrato de traballo no que conste a dirección e informe de vida laboral.
  - Por conta propia: Certificado de alta no censo de actividades económicas da AEAT
  - Traballadores das administración públicas: certificado da unidade de persoal.
- Por parto múltiple: Copia libro de familia
- Familia monoparental: documentación xustificativa
- Discapacidade: Certificado discapacidade
- Violencia de Xénero: Documentación xustificativa
- Víctima de terrorismo: Certificado correspondente
- Criterio complementario do centro: Certificado de Agasalle